



Primeiro ano triunfal,
segundo ano de guerra,
as mociñas de Piñeiro
poñen o pelo á perrera.

En casa de Carballal
ordenaron unha festa,
cando viron vir María
pensaron qu'era a maestra.

Entonces saleu Marica,
sentada na burralleira:
“A esta, meu Anxeliño,
temos que lle dar carreira”.

Entonces saleu María
ca súa fala tan lista:
(“porque prendía na fala”)
“Pois padres, se eles queren,
eu quería ser modista”.

Cando Carmen teña nenos
heille de facelos puchos,
tamén Manuela de Neira
vai coa roda dos cartuchos.

Saleu María de Portos
co pescozo de soliño,
mirando pra carretera
a ver si viñ'ó Fandiño.

Primeiro ano triunfal
segundo ano de guerra
as mociñas de Piñeiro
poñen o pelo a perrera.

Saleu Manuel de Benito
coa cesta na cabeza
e co cochillo na mau
para repartila besta.